



# B A N D O

**D. CÉSAR LONGO QUEIJO, ALCALDE PRESIDENTE  
DO CONCELLO DE PADERNE,**

**FAI SABER:**

## **MEDIDAS E RECOMENDACIÓN PARA EVITAR CONTAXIO COVID-19**

Polo presente comunícase a toda a veciñanza do Concello de Paderne, que tras ter coñecemento das medidas e recomendacións feitas pola Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, procédese a tomar as seguintes medidas e recomendacións dende o día 13 de marzo ata novo aviso:

1.- A atención ao público nas dependencias municipais verase limitada a casos de extrema urxencia. Os canles preferentes de tramitación serán os telemáticos na sede electrónica do Concello ( <https://sede.concellodepaderne.es/opencms/es> )

2.- Peche de todas as instalacións e locais municipais, non podendo desenvolverse actividade algunha nos mesmos.

3.- O rexistro xeral empregarase preferentemente de xeito telemático, e no caso de ser imposible e urxente, de xeito presencial con horario de apertura de 09.00 – 13.00.

4.- O Rexistro civil tramitará unicamente servizos urxentes previa concertación de cita de xeito telefónico no 981797001.

As ditas medidas iranse adaptando á situación epidemiolóxica de cada momento e informase de cada variación que se poida producir con respecto a elas.

Este concello envía unha mensaxe tranquilizadora á veciñanza e insiste en que sigan as instrucións das autoridades sanitarias. Así mesmo, recoméndase consultar fontes oficiais para informarse, como á páxina do Ministerio de Sanidade ([www.mscbs.gob.es](http://www.mscbs.gob.es)) ou o teléfono de información para a cidadanía 900 400 116.

Pregamos á veciñanza a máxima colaboración. Deter o virus é cousa de todos/as.

PADERNE, a 13 de marzo de 2020

Asdo. D. César Longo Queijo